

BASES

CONCURSO DE DECORACIÓN DE ENTROIDO 2014

O Concello do Grove, a través da Concellería de Comercio e Mercados, en colaboración coa Concellería de Cultura e Terceira Idade, organiza o Concurso de Decoración de Entroido 2014.

Primeira. Tema

O tema deberá estar relacionado co Entroido, podendo combíñalo cos produtos propios do establecemento. Valorarase ademais, aspectos como a orixinalidade, iluminación, tradición, exposición dos produtos, acabado...

Segunda. Datás de exposición

As datás de exposición serán as comprendidas entre o xoves 27 de febreiro e o domingo 9 de marzo de 2014, incluídos.

Terceira. Desenvolvemento

Poderán concursar todos os establecementos comerciais do concello do Grove. Establécense unicamente dúas categorías:

- a) Comercio (calquera que sexa a súa actividade).
- b) Hostalería e restauración (hoteis, restaurantes, bares, cafés, discotecas, pubs...)

Cuarta. Inscripción

A inscrición é gratuíta. Unicamente terán que cubrir a folla de inscrición, facilitada no Rexistro do Concello, na páxina web municipal, ou no sitio do Facebook do Entroido do Grove 2014. O prazo para inscribirse remata o martes 25 ás 14.00 h si se presenta a través do Rexistro, no edificio administrativo, ou ata ás 22.00 h do mesmo día, no caso de envíala por mail a: casadacultura@concellodogrove.com

Quinta. Xurado

O Xurado estará composto polos concelleiros de Comercio e Mercados, Cultura e Terceira Idade, e por comerciantes da localidade que non se presenten ao concurso.

O Xurado poderá visitar e facer a valoración do establecemento en calquera data comprendida entre o xoves 27 e o venres 7 de marzo. Calquera establecemento inscrito que non estea decorado entre estas datás quedará automaticamente eliminado.

A decisión do xurado será inapelable.

Sexta. Premios

Haberá un único premio por categoría: 200 euros para o gañador de Comercio, e 200 euros para o gañador de Hostalería e restauración.

Os premios entregaranse o venres 7 de marzo ás 20.00 h na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey, coincidindo co velorio de dona Sardiña Meca.

Sétima. Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado polo Concello, en beneficio do bo funcionamento do concurso. A mera participación no festival leva consigo a aceptación das presentes bases.